CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
10 SEP. 2024 12:39:23
Entrada 37583

Sobre o aumento de prazas no Eixo Atlántico ferroviario con trens de dobre composición

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao aumento de prazas no Eixo Atlántico ferroviario con trens de dobre composición**.

Despois do verán e de cara o inicio do curso Renfe anunciou que disporá de trens de dobre composición, isto é, que se unirán dous trens para realizar o mesmo servizo co propósito de habilitar máis prazas no Eixo Atlántico. Con esta fórmula calcula que se incrementará a oferta semanal en máis de 7.300 prazas co que se poderán paliar os picos de demanda que se producen nas fins de semana (especialmente venres e domingos) e algúns días de semana.

O aumento de prazas, tan demandado polas persoas usuarias nos pasados anos e reclamado reiteradamente polo BNG, anunciase agora porén, xa nesta primeira semana de curso do mes de setembro as prazas dispoñíbeis esgotáronse por completo. Así, é imprescindíbel que se poña en marcha este reforzo no corredor A Coruña-Santiago-Vigo canto antes para dar un servizo adecuado ante o aumento de demanda co retorno dos estudantes e o reinicio da actividade laboral completa despois das vacacións estivais.

En todo caso, a medida é necesaria para aumentar o número de prazas nun dos corredores ferroviarios con maior demanda do Estado e debera aplicarse para reforzar o conxunto dos servizos diarios e non só nos picos de demanda. A falta de prazas no Eixo Atlántico é sobradamente coñecida e non se limita a momentos concretos, é algo estrutural.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
10 SEP. 2024 12:39:23
Entrada 37583

De igual xeito, debe lembrarse que a falta de frecuencias nas franxas horarias da primeira hora, mediodía e tarde-noite é outra constante que acumula anos de reivindicacións e queixas de usuarios e usuarias.

Os retrasos, as incidencias e as avarías son outro dos problemas preocupantes nos servizos ferroviarios diarios como o Eixo Atlántico, a media distancia e os Avant para que non se repitan as situacións do curso pasado con meses de constantes demoras.

O que sucede cos trens Avril na conexión de alta velocidade Galiza coa Meseta é un problema distinto que non incide na vida diaria dos galegos e das galegas e que segundo explicou o propio Ministro de Transportes obedece á falla de fiabilidade dos trens da serie 106, as obras de ampliación da praia de vías en Chamartin e as incidencias no Intercambiador de Taboadela. Segundo datos da Xunta de Galiza o 90% dos trens Avril tiveron retrasos nos pasados meses, unha situación que precisa de actuación urxente para darlle solución, ademais de atender á mobilidade diaria dos galegos e das galegas cuxas deficiencias, problemas e necesidades deben ser unha prioridade.

Tamén en relación ao proceso de substitución dos Alvia polos novos trens Avril, as últimas informacións indican que se vai retrasar debido aos problemas de fiabilidade e que xa non se producirá a inicios de outubro como estaba previsto. É preciso, polo tanto, preguntar polo novo calendario que manexa o Ministerio para realizar esta substitución e de que medidas articulará mentres non se complete.

Por último, é preciso que se mellore o sistema de venda, especialmente de cara ao próximo período vacacional de Nadal, para que non se repita o sucedido na Semana Santa. É imprescindíbel unha planificación e unha organización que permita aos usuarios e usuarias mercar os billetes coa debida antelación. De momento, só se poden mercar billetes até outubro.

10 SEP. 2024 12:39:23 Entrada: 37583

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. En que servizos ferroviarios do Eixo Atlántico vai Renfe a empregar a fórmula de trens en dobre composición, unindo dous trens para o mesmo servizo co obxectivo de aumentar as prazas? Por que contempla facelo só para os "picos de demanda"? Cales son estes segundo o Ministerio?

2. Cando entrará en funcionamento esta medida? Cantas prazas máis se van ofertar diariamente?

3. Que disposición ten a estabelecer esta fórmula para todos os servizos ferroviarios das franxas horarias do Eixo Atlántico con máis demanda?

4. Comparte que sería unha forma de atender a carencia de prazas que existe en moitos servizos diarios?

5. É consciente de que nesta primeira semana de setembro xa se esgotaron a totalidade de prazas dispoñíbeis?

6. Garante o Ministerio o óptimo funcionamento dos servizos do Eixo Atlántico neste curso, evitando as situacións de constantes retrasos que se padeceron no pasado curso?

7. Está listo o Plan de Puntualidade? Incorpora o incremento dos servizos?

8. Cal é actualmente a porcentaxe de puntualidade dos trens da serie 106, os Avril na conexión Galiza-Madrid? É certo que o 90% dos servizos dos trens Avril teñen retrasos como asegura a Xunta de Galiza? De ser así, non cre que debería arranxarse canto antes?

9. Cando prevé a substitución dos trens Alvia polos trens da serie 106? Será posíbel antes de finalizar o ano?

10 SEP. 2024 12:39:23 Entrada: 37583

10. Realizará o Ministerio unha planificación adecuada da venda de billetes, especialmente de cara ao período de Nadal, para que os usuarios e usuarias poidan mercar con tempo suficiente de antelación?

11. Cando vai abrir a venda de billetes para novembro e decembro a/desde Galiza?

Madrid, a 10 de setembro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

10 SEP. 2024 12:39:23 Entrada: 37583

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al aumento de plazas en el Eixo Atlántico ferroviario con trenes de doble composición.**

Después del verano y de cara el inicio del curso Renfe anunció que dispondrá de trenes de doble composición, esto es, que se acoplarán dos trenes para realizar el mismo servicio con el propósito de habilitar más plazas en el Eixo Atlántico. Con esta fórmula calcula que se incrementará la oferta semanal en más de 7.300 plazas con el que se podrán paliar los picos de demanda que se producen en los fines de semana (especialmente viernes y domingos) y algunos días de semana.

El aumento de plazas, tan demandado por las personas usuarias en los pasados años y reclamado reiteradamente por el BNG, se anuncia ahora, sin embargo, ya en esta primera semana de curso del mes de septiembre las plazas disponibles se agotaron por completo. Así, es imprescindible que se ponga en marcha este refuerzo en el corredor A Coruña-Santiago-Vigo lo antes posible para dar un servicio adecuado ante el aumento de demanda con el retorno de los estudiantes y lo reinicio de la actividad laboral completa después de las vacaciones estivales.

En todo caso, la medida es necesaria para aumentar el número de plazas en uno de los corredores ferroviarios con mayor demanda del Estado y debe aplicarse para reforzar el conjunto de los servicios diarios y no solo en los

10 SEP. 2024 12:39:23 Entrada: 37583

picos de demanda. La falta de plazas en el Eje Atlántico es sobradamente conocida y no se limita a momentos puntuales, es algo estructural.

De igual manera, debe recordarse que la falta de frecuencias en las franjas horarias de la primera hora, mediodía y tarde-noche es otra constante que acumula años de reivindicaciones y quejas de usuarios y usuarias.

Los retrasos, los incidentes y las averías son otro de los problemas preocupantes en los servicios ferroviarios diarios como el Eje Atlántico, la media distancia y los Avant para que no se repitan las situaciones del curso pasado con meses de constantes demoras.

El que sucede con los trenes Avril en la conexión de alta velocidad Galicia con la Meseta es un problema distinto que no incide en la vida diaria de los gallegos y de las gallegas y que segundo explicó el propio Ministro de Transportes obedece a la falta de fiabilidad de los trenes de la serie 106, las obras de ampliación de la playa de vías en Chamartin y los incidentes en el Intercambiador de Taboadela. Según datos de la Xunta de Galicia el 90% de los trenes Avril tuvieron retrasos en los pasados meses, una situación que precisa de actuación urgente para darle solución, además de atender a la movilidad diaria de los gallegos y de las gallegas cuyas deficiencias, problemas y necesidades deben ser una prioridad.

También en relación al proceso de relevo de los Alvia por los nuevos trenes Avril, las últimas informaciones indican que se va a retrasar debido a los problemas de fiabilidad y que ya no se producirá a inicios de octubre como estaba previsto. Es preciso, por lo tanto, preguntar por el nuevo calendario que maneja el Ministerio para realizar este relevo y de que medidas articulará mientras no se complete.

Por último, es preciso que se mejore el sistema de venta, especialmente de cara al próximo período vacacional de Navidad, para que no se repita el sucedido en la Semana Santa. Es imprescindible una planificación y una organización que permita a los usuarios y usuarias comprar los billetes con la debida antelación. De momento, solo se pueden comprar billetes hasta octubre.

10 SEP. 2024 12:39:23 Entrada: 37583

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿En qué servicios ferroviarios del Eixo Atlántico empleará Renfe la fórmula de trenes de doble composición, acoplando dos trenes para el mismo servicio con el objetivo de aumentar las plazas? ¿Por qué contempla hacerlo solo para los "picos de demanda"? ¿Cuáles son estos según el Ministerio?

2. ¿Cuándo entrará en funcionamiento esta medida? ¿Cuántas plazas más se ofertarán diariamente?

3. ¿Qué disposición tiene a establecer esta fórmula para los servicios ferroviarios de las franjas horarias del Eje Atlántico con más demanda?

4. ¿Comparte que sería una forma de atender la carencia de plazas que existe en muchos servicios diarios?

5. ¿Es consciente de que en esta primera semana de septiembre ya se agotaron la totalidad de plazas disponibles?

6. ¿Garantizará el Ministerio el óptimo funcionamiento de los servicios del Eje Atlántico en este curso, evitando las situaciones de constantes retrasos que se padecieron en el pasado curso?

7. ¿Está listo el Plan de Puntualidad? ¿Incorpora el incremento de los servicios?

8. ¿Cuál es actualmente el porcentaje de puntualidad de los trenes de la serie 106, los Avril en la conexión Galiza-Madrid? ¿Es cierto que el 90% de los servicios de los trenes Avril tienen retrasos como asegura la

10 SEP. 2024 12:39:23 Entrada: 37583

Xunta de Galicia? De ser así, ¿no cree que debería arreglarse lo antes posible?

9. ¿Cuándo prevé el relevo de los trenes Alvia por los trenes de la serie 106? ¿Será posible antes de finalizar el año?

10. ¿Realizará el Ministerio una planificación adecuada de la venta de billetes, especialmente de cara a el período de Navidad, para que los usuarios y usuarias puedan comprar con tiempo suficiente de antelación?

11. ¿Cuándo va a abrir la venta de billetes para noviembre y diciembre a/desde Galiza?

Madrid, a 10 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

10 SEP. 2024 12:39:23 Entrada: 37583